

## CALENDARIO ACADÉMICO DO CURSO 2013-2014 TITULACIÓNS NON ADAPTADAS AO EEES (En extinción)

(Aprobado polo Consello de Goberno do 23 de abril de 2013)

### 1. PERÍODO LECTIVO

O período do curso académico comprenderá desde o 23 de setembro de 2013 ao 22 de setembro de 2014. Non será lectivo o mes de agosto, nin os días festivos, nin os días en que estea interrompida a actividade académica.

### 2. ACTIVIDADES ACADÉMICAS

O período de clases para o curso académico 2013/2014 comprenderá:

- Plans antigos (sen créditos LRU) e plans LRU con estrutura anual: do 23 de setembro de 2013 ao 30 de maio de 2014
- Plans LRU con estrutura cuadrimestral:

**Primeiro cuadrimestre:** desde o 23 de setembro de 2013 ao 17 de xaneiro de 2014

**Segundo cuadrimestre:** desde o 10 de febreiro de 2014 ao 30 de maio de 2014

### 3. AVALIACIÓN

Convocatoria	Datas de avaliación	Data límite de sinatura e entrega de actas
<b>Fin de carreira Extraordinaria de decembro</b>	do 2 ao 17 de decembro de 2013	10 de xaneiro de 2014
<b>Materias do primeiro cuadrimestre</b>	Do 20 de xaneiro ao 7 de febreiro de 2014	21 de febreiro de 2014
<b>Materias do segundo cuadrimestre e anuais</b>	Do 2 de xuño ao 20 de xuño de 2014	4 de xullo de 2014
<b>Setembro</b>	Do 1 ao 12 de setembro de 2014	19 de setembro de 2014

As clases suspenderanse durante o período de avaliación.

As actividades académicas docentes e os exames de todos os plans de estudo interromperanse desde o día 21 de decembro de 2013 ata o día 7 de xaneiro de 2014 (ambos os dous incluídos); os días 3 e 4 de marzo de 2014 e desde o día 12 ao día 21 de abril de 2014 (ambos os dous incluídos). Terá carácter festivo o día 27 de xaneiro de 2013, por traslado da festividade de San Tomé de Aquino. Así mesmo, posuirán carácter festivo os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e das cidades onde estea cada centro, así como o día da festividade de cada un deles.

Coa finalidade de aproveitar ao máximo os días lectivos, sempre que as festividades dos centros coincidan en martes ou en xoves celebraranse o luns ou o venres máis próximo; e se cadrasen en mércores trasladaranse ao venres. As que cadren en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día lectivo anterior ou o seguinte.

Os centros con titulacións non adaptadas ao EEES que aínda impartan docencia poderán acollerse ao calendario académico de grao e de mestrado, tras o acordo da Xunta de Centro e a comunicación posterior á Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, que concederá o permiso, se procede, despois das adaptacións necesarias sen que estas produzan alteracións ou modificacións do correspondente plan de estudos publicado no BOE. Os centros que se teñen acollido a esta opción en cursos anteriores tamén deberán comunicalo. Para estes efectos, todos os centros interesados disporán dun prazo máximo que se fixa no 13 de setembro de 2013, para ter realizados os exames correspondentes á convocatoria extraordinaria de setembro, e entregadas e asinadas as actas, de xeito que as referidas titulacións poidan iniciar as súas actividades académicas axustándose no posible ao calendario aprobado para titulacións de grao e mestrado.

Os centros con titulacións non adaptadas ao EEES en fase de extinción completa nas que unicamente existan dereitos a exame, e con fin de mellorar a planificación académica, poderán incorporar como calendario de avaliación o correspondente aos títulos do EEES. Para ese fin a Xunta de Centro adoptará o calendario e o comunicará posteriormente á Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.